



6

VigoZOO

CADERNO DIDÁCTICO
EDUCACIÓN SECUNDARIA (1º CICLO)

ACTIVIDADE 1.

1a. Indica cal é a finalidade de:

- a) A coloración vistosa dunha abella.
Avisa a un posible depredador de que é un animal venenoso.
- B) Dúas formigas entrechocando as súas antenas.
Intercambia información por medio das feromonas.
- c) O aspecto do insecto pau.
Camúflase para non ser visto.
- D) Que unha araña teña unha tea.
Busca alimentarse.

1b. Indica dúas adaptacións que presenten os animais para:

- a) Voar.
Ás, un esqueleto pouco pesado, etc
- b) Nadar ou mergullar.
Forma hidrodinámica, aletas ou patas palmeadas para impulsarse na auga, capa impermeable nas plumas para non mollarse, etc.

ACTIVIDADE 2. Clasifica os seguintes animais según o grupo ao que pertencen:

Pingüino, golfiño, pítega, rá, esturión, anguia, galápago, besugo, linxe, emú, pato, sapo, pitón, crocodrilo, foca.

AVES	ANFIBIOS	REPTILES	PEIXES	MAMIFEROS
Pingüín	Pítega	Galápago	Esturión	Golfiño
Emú	Ra	Pitón	Anguila	Linxe
Parrulo	Sapo	Crocodilo	Besugo	Foca

ACTIVIDADE 3. Completa o cadro, clasificando os animais en función das ameazas que consideras que teñen: tigre, lince ibérico, serpe, oso pardo e aves acuáticas.

ILEGAL DE ESPECIES	CAZA FURTIVA	CONTAMINACION	DESTRUCCION DE SU HABITAT
Serpe	Tigre Lince Ibérico Serpe Aves	Aves acuáticas	Tigre Lince Ibérico Serpe Aves acuáticas

LINCE IBÉRICO: Ainda que a caza furtiva afecta a súa poboación, na actualidade está moi vixiada, e o seu principal problema é a destrución do seu hábitat pola construción de infraestruturas (estradas, urbanizacións, etc).

SERPE: Vense afectadas pola caza furtiva para usar a súa pel como trofeo ou para a realización de zapatos, bolsos, etc, pola destrución dos seus hábitats (selvas, humedais, etc) e polo tráfico ilegal para usalos como mascotas.

AVES ACUÁTICAS: As súas principais ameazas son a caza furtiva nos pasos migratorios para facer prácticas de tiro, a destrución do seu hábitat (redución de humedais para urbanizar, agricultura, etc) e a contaminación do seu organismo con chumbo (chumbismo).

Chumbismo: Debido á práctica da caza e o tiro, acumúlase chumbo nos leitos dos ríos. Os patos os confunden con pedreciñas que usan para facilitar a dixestión dos alimentos no seu estómago, e ese chumbo desfai no organismo dos animais provocándolles a morte.

OSO PARDO: Ainda que segue estando ameazado pola caza furtiva, o seu principal problema é a redución e fragmentación do seu hábitat, pola construción de estradas ou a creación de campos de cultivo intensivo e zonas gandeiras.

ACTIVIDADE 4. Busca un animal que teña as características que se indican en cada caso:

1. Emú, ñandú, avestruz.

Ten esqueleto.

É ovíparo.

Ten respiración pulmonar.

Anda e corre.

Ten plumas.

2. Muflón, cabra.

Ten esqueleto.

É vivíparo.

Ten respiración pulmonar.

Ten cornos.

Ten lá.

3 Calquer tipo de serpe, lagarto

Ten esqueleto.

Es ovíparo ó vivíparo.

Ten respiración pulmonar.

Ten escamas.

4. Calquer tipo de araña, escorpión.

Ten esqueleto interno.

É ovípara.

Ten respiración pulmonar.

Pode ter pelo.

ACTIVIDADE 5. Clasifica según o nivel trófico aos seres vivos que aparecen a continuación:

- a) Algas unicelulares.
- b) Falcón.
- c) Rato.
- d) Bufo.
- e) Bacteria.
- f) Cegoña.
- g) Fentos.
- H) Bisonte.

Productores: algas unicelulares, fentos.

Consumidores: falcón (consumidor terciario), rato (consumidor primario), bufo (consumidor secundario), cegoña (consumidor secundario), bisonte (consumidor primario).

Transformadores: bacteria (transformador).

ACTIVIDADE 6. Escribe "C" se é correcto e "I" se é incorrecto:

- I O bufo non é unha ave de rapiña.
- C Os cornos do cervo cando caen chamanse "cornas".
- C A llama é unha especie doméstica e o guanaco é unha especie salvaxe.
- C O asno é moi intelixente e ten moita memoria.
- I O raposo é carnívoro.

ACTIVIDADE 7. Os astrópodos. Clasifica aos seguintes artrópodos en función do grupo ao que pertencen: bolboreta, ácaro, cangrexo, cempés, escarabello, arañas, camaróns e milpés.

INSECTOS	ARÁCNIDOS	CRUSTÁCEOS	MIRIÁPODOS
Bolboretas	Acaros	Cangrexos	Cempés
Escarabello	Arañas	Camaróns	Milpés

ACTIVIDADE 8. Na seguinte sopa de letras aparecem oito animais que veredes en Vigozoo; búscalos, rodéalos e complétalos na lista:

A	Z	J	F	W	X	Z	A	D	P	O	D	V
K	L	A	A	R	A	P	I	P	A	A	S	R
M	O	P	L	Y	Z	M	L	J	R	I	O	O
U	O	C	S	I	V	C	O	B	F	T	X	T
O	N	S	A	S	N	T	E	T	E	O	A	R
E	C	P	C	O	K	C	Q	H	R	G	B	Z
B	O	S	O	Z	R	B	E	U	E	S	A	X
M	N	K	R	C	J	S	X	G	Q	U	R	H
O	L	J	A	Y	A	E	B	C	W	U	I	C
A	X	O	L	O	T	E	R	F	J	Q	L	M

F _ _ _ _ C _ _ _ _
 R _ P _ _ _
 T _ _ _
 X _ _ _ _ _
 L _ _ _ _
 A _ _ _ _ _
 C _ _ _ _